

Semana Santa



Lugo
2025

Declarada de Interese Turístico Galego



Queridos irmáns,

Por graza de Deus, celebramos un ano máis a Semana Santa, con toda a súa riqueza litúrxica, de vivencia de fe. Participaremos nos acontecementos salvíficos que se conmemoran solemnemente estes días como un único Pobo de Deus, unidos nos nosos templos e tamén nas nosas rúas, nos xestos de piedade popular e de recollemento íntimo e persoal.

Seremos así “peregrinos de esperanza”, segundo o lema deste Xubileu ordinario romano, no que lembramos o fundamento da nosa vida e da nosa paz: a fe no Fillo de Deus, que nos amou e se entregou por nós.

Esta semana Santa queremos profesar de novo a nosa fe, afirmar a certeza de que a nosa esperanza non defrauda, non declinará nunca. Porque quen nos separará do amor de Cristo? a tribulación?, a angustia?, a fame?, a nudez?, o perigo? a espada? En todo isto vencemos de sobra grazas a Aquel que nos amou. (Rm 8, 15-16)

En cada día, en cada paso da Semana Santa contemplaremos como o Señor venceu, en plena comunión co Pai, movido polo amor por nós e a nosa salvación.

Aceptou docilmente a flaxelación, toda a dor que os golpes dos homes podían infrinxirle, en todo o seu corpo. Pero a paciencia do seu amor foi máis grande, que non se guiaba polo que lle convíña a El, de modo inmediato, na súa carne e no seu sangue; senón pola afirmación da vontade do Pai, que é Amor e o único de quen esperar a misericordia e o perdón para os homes, a vida verdadeira para os seus irmáns.

E aceptou a coroa de espiñas, o escarnio dos poderes deste mundo, que se pretenden absolutos, por encima do home, desprezando e burlándose da súa dignidade. Pero Xesús non se dobregou a este poder do mundo, sufriu a súa violencia e desmesura, e situouno no seu lugar, nos seus límites: a obediencia á verdade de Deus e do home. E de novo, permaneceu no amor ao Pai, á súa vontade boa, cun corazón que non crebaban sufrimentos, nin desprezos; e non rexeitou a misión encomen-

dada ante a incompreensión e o rexeitamento violentísimo de quen poñía a confianza na propia forza e poder, non esperaban en Deus nin tiñan compaixón do home.

E contemplámolo na súa maior vitoria, alzado na cruz, cando todas as dores e as amarguras que pode causar o pecado do mundo foron causa só de que a súa entrega e o seu amor chegase a cumprimento en toda a súa anchura e profundidade, confiada a alma nas mans do Pai, certo do seu designio bo, e ofrecida a súa vida e a súa Persoa polos seus irmáns, aos que non abandona nin nega, nin sequera nestes momentos, ante a percepción máis dura do noso pecado, da nosa maldade, cegueira e obstinación.

Pero o Señor resucitará con toda a gloria do Pai e encomendaranos: dicídlle aos meus irmáns, vou ao meu Pai e ao voso Pai, ao meu Deus e ao voso Deus.

Por iso nós contemplamos e seguimos os seus pasos en Semana Santa, celebramos o misterio da súa Pascua, para ofrecerlle a nosa fe, para profesar, a nosa esperanza no seu amor, sen pechar os ollos a ningunha dor a ningunha das maldades que danan a vida.

Vemos o mundo, cargado de problemas e sufrimentos, de guerra e calamidades, de soberbia, egoísmo e avaricia.

E afirmamos que o noso Redentor vive, que a nosa esperanza non declina nunca, que nós queremos pedir perdón en primeira persoa polos nosos pecados, e auxilio para nós mesmos e para o noso mundo.

Queremos ser “peregrinos de esperanza”, que a anuncian, seméntana, fana posible; porque a levan no corazón, fundada no amor vencedor do Señor, que contemplamos de modo especial con agradecemento profundo un ano máis esta semana Santa.

Que o Señor nos bendiga, nos dea paz, graza e alegría a todos, e esperanza ao noso mundo.

Felices Pascuas a todos!

+ Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo



Itinerarios das procesións

Domingo de Ramos (13/04)

A BORRIQUIÑA

Saída da praza de Ferrol - Igrexa de San Froilán, San Marcos, Santo Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, Casas Novoa, Cregos, Pío XII, Bo Xesús, Praza de Sta. María (bendición de Ramos), Bo Xesús, Pío XII, Cregos, Casas Novoa, Praza Maior, Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, Raiña, Santo Domingo e San Marcos-Deputación Provincial.

VIRXE DAS DORES

Saída do convento dos Franciscanos - Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raiña, praza Maior e remate diante do convento dos Franciscanos.

Luns (14/04)

VIRXE DA ESPERANZA

Saída da igrexa da Nova por Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo da praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raiña, praza Maior (diante do Concello) e remate na praza Anxo Fernández Gómez.

Martes (15/04)

BO XESÚS

Saída da Catedral por Pío XII, Cregos, Casas Novoa, praza Maior, Conde Pallares, Armanyá, Santo Domingo, Raiña, praza Maior (Encontro de María con Xesús), Casas Novoa, Cregos e Pío XII-Catedral.

Mércores (16/04)

CRISTO DO PERDÓN

Saída da Catedral por Pío XII, Cregos, Casas Novoa, praza Maior, Raiña (Vía Crucis), Santo Domingo (parada Convento Agustinas), Raiña (segue Vía Crucis), praza Maior, Casas Novoa, Cregos e Pío XII-Catedral.

Xoves (17/04)

SANTA CEA

Saída da Catedral por Pío XII, Cregos, Casas Novoa, praza Maior por Franciscanos, paseo central da praza Maior, Casas Novoa, Cregos e Pío XII-Catedral.

Venres (18/04)

SANTO ENTERRO

Saída da praza da Soidade-Capela da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, fondo praza Maior (incorpóranse as confrarías cos seus pasos desde Casas Novoa), praza Maior, Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Lois Peña Novo e fondo de Santo Domingo.

AS CALADIÑAS

Saída da capela da Soidade - Praza da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, Conde Pallares, fondo da praza Maior, Raiña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivaneira, Quiroga Ballesteros e praza da Soidade.

Sábado (19/04)

VIRXE DA PIEDADE

Saída da Catedral por Pío XII, Cregos, Casas Novoa, praza Maior por Franciscanos, paseo central da praza Maior, Casas Novoa, Cregos e Pío XII-Catedral.

Domingo (20/04)

SANTO ENCONTRO

Saída do Concello, paseo central da praza Maior, Casas Novoa, Cregos e Pío XII-Catedral.

CRISTO RESUCITADO

Casas Novoa, praza Maior, Raiña, Santo Domingo, San Marcos e praza de Ferrol - Igrexa de San Froilán.

4 abril
Venres

CONCERTO
"A Música Tradicional Galega
nas Marchas Procesionais"

20,30 h **Igrexa dos PP Franciscanos**
Bruno Villamor Gay



5 abril
Sábado

VIII CONCERTO
MÚSICA SACRA

18,00 h **Catedral Basílica Santa María de Lugo**
BANDA FILARMÓNICA DE LUGO
Director: Iván Martínez Sabio

9 abril
Mércores

PREGÓN DE SEMANA SANTA

20,30 h **Igrexa parroquial de Santiago A Nova
MARICA CAMPO**

Mestra e escritora galega

Actuación do ORFEÓN LUCENSE

Organista: Nacho Samena

Director: Marcos Fernández Mosquera





11 abril
Venres

20,30 h

SOLEMNE VÍA CRUCIS

**Praza Pío XII e Catedral Basilica Santa
María de Lugo**

Preside Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco,
Bispo de Lugo

Sairá en procesión o paso do Cristo
da Misericordia venerado na igrexa de
Santiago A Nova, que será portado a
ombreiros de corenta mulleres

13 abril

Domingo de Ramos

11,30 h **BENDICIÓN DE RAMOS E PROCESIÓN
DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN
XERUSALÉN**

(Organiza a Confraría da Entrada
Triunfal de Xesús en Xerusalén)

19,00 h **PROCESIÓN DA VIRXE DAS DORES**
(Organiza a Confraría do Desencravo
do Señor e das Maiores Dores de María
Santísima)



14 abril
Luns Santo

**11,00 h e 19,00 h EUCARISTÍA EN HONRA DA VIRXE
DA ESPERANZA**

20,30 h PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA
(Organiza a Insigne Confraría da Virxe
da Esperanza)



15 abril

Martes Santo

20,30 h PROCESIÓN DO BO XESÚS E DO NAZARENO
(Organiza a Episcopal e Catedralicia
Confraría do Bo Xesús e do Nazareno).
Chegada a procesión á praza Maior, á
altura do convento dos PP Franciscanos,
producirase o **ENCANTRO DE MARÍA CON
XESÚS CAMIÑO DO CALVARIO**





16 abril

Mércores Santo

11,00 h **MISA CRISMAL**
Catedral Basílica Santa María de Lugo

20,30 h **PROCESIÓN DO SANTO CRISTO DO
PERDÓN E NOSA SEÑORA DA PIEDADE
VÍA CRUCIS PENITENCIAL**
(Organiza a Confraría do Santo Cristo do
Perdón e da Nosa Señora da Piedade)

17 abril

Xoves Santo

18,00 h

EUCARISTÍA DA SANTA CEA

Catedral Basílica Santa María de Lugo

Ao remate da Eucaristía (aprox. ás 19,15 h)

PROCESIÓN DA SANTA CEA

(Organiza a Confraría Sacramental da Santa Cea do Señor)



18 abril

Venres Santo

- 12,00 h** **SERMÓN DAS SETE PALABRAS**
Catedral Basílica Santa María de Lugo
- 18,00 h** **CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR**
Catedral Basílica Santa María de Lugo
- 18,30 h** **ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR**
Igrexa conventual dos PP. Franciscanos
(Organiza a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)
- 20,00 h** **PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO**
(Organiza a Orde Franciscana Segrar e a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)
Ás 20,15 h súmanse as demais confrarías a esta procesión, ao seu paso polo fondo da praza Maior
- 23,00 h** **PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE**
"AS CALADIÑAS"
(Organiza a Orde Franciscana Segrar)



19 abril

Sábado Santo

**08,30 h PROCESIÓN PENITENCIAL DA VIRXE DA
PIEIDADE, SANTO ROSARIO E VÍA CRUCIS**
(Organiza a Confraría do Santo Cristo do
Perdón e da Nosa Señora da Piedade)

23,00 h SOLEMNE VIXILIA PASCUAL
Catedral Basílica Santa María de Lugo





20 abril
**Domingo
de Pascua**

11,40 h PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

**12,00 h SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE
RESURRECCIÓN**
Catedral Basílica Santa María de Lugo

**13:30 h Ao remate da Santa Misa, PROCESIÓN
DO CRISTO RESUCITADO**
(Organiza a Confraría da Entrada Triunfal
de Xesús en Xerusalén)

Outras celebracións

Do 3 ao 11 de abril, ás 19,30 h

NOVENA DA VIRXE DAS DORES

Capela da Soidade

(Organiza a Orde Franciscana Segrar)

Día 13 de abril, de 11:00 a 14:00 h

ADORACIÓN PÚBLICA DA IMAXE DO XESÚS

NAZARENO

Catedral Basílica Santa María de Lugo

(Organiza a Episcopal e Catedralicia Confraría
do Bo Xesús e do Nazareno)



Celebración do Triduo Pascual

PARROQUIAS E COMUNIDADES RELIXIOSAS

Parroquias	Xoves Santo		Venres Santo		Sábado Santo
	Misa da Cea do Señor	Hora Santa	Vía Crucis	Celebración da Paixón	Vixilia Pascual
S.I. CATEDRAL BASÍLICA	18:00 h	20:30 h	---	18:00 h	23:00 h
SAN PEDRO	17:00 h	---	---	---	---
SANTIAGO A NOVA	20:00 h	22:00 h	11:00 h	17:30 h	21:00 h
NOSA SEÑORA DAS FONTIÑAS	18:30 h	---	10:30 h	18:30 h	---
SAN FROILÁN	18:00 h	22:00 h	18:00 h	17:00 h	20:30 h
SAN ANTONIO	19:00 h	21:00 h	12:00 h	17:00 h	21:30 h
SAGRADO CORAZÓN	17:00 h	---	---	17:00 h	20:00 h
SANTIAGO DE CASTELO	18:30 h	---	---	18:30 h	---
A MILAGROSA	17:00 h	22:00 h	12:00 h	17:00 h	21:00 h
SAN LOURENZO ALBEIROS	17:00 h	18:00 h	18:00 h	17:00 h	20:00 h
SAN FRANCISCO XAVIER	17:00 h	22:00 h	11:00 h	17:00 h	22:00 h
BO PASTOR	20:00 h	---	19:30 h	20:00 h	22:00 h
SAN XOSÉ DAS GÁNDARAS	19:00 h	---	13:30 h	18:30 h	19:00 h
SAN LÁZARO DA PONTE	17:00 h	---	---	17:00 h	---
PP FRANCISCANOS	19:30 h	---	18:30 h	17:00 h	20:00 h
MM SALESAS	17:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
MM AGUSTINAS	17:00 h	---	---	17:00 h	20:00 h
HERMANAS DE LA CRUZ	18:00 h	---	---	16:30 h	20:00 h
RESIDENCIA SAN ROQUE	16:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
CAPELA DA SOIDADE	16:00 h	---	---	15:00 h	---
SANTIAGO DE SAAMASAS	18:00 h	---	---	18:00 h	---

Horarios susceptibles de variación, confirmar con parroquia



DIÓCESE
DE LUGO



CATEDRAL DE LUGO

